

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de decembro de 2022
Duración	Desde as 20:43 ata as 21:21 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES (incorpórase á sesión iniciado o 3º punto da orde do día)	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE NOVEMBRO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 6082/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE PROPOSTA DE CONTINUIDADE COA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DE CENTROS ESCOLARES

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro e voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que a proposta deste punto consiste na continuación dun procedemento iniciado no ano 2008 para desafectar unha serie de Escolas Unitarias pertencentes a este concello, excluindo as escolas de Ribeira e de Tabeirós, contempladas inicialmente, por non poder acreditarse a titularidade en debida forma.



Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen, en primeiro lugar, desculpa a ausencia da concelleira do seu grupo, Dna. Belén Louzao, e que se incorporará á sesión ao longo do transcurso da mesma. En canto ao fondo do asunto a tratar, di que estamos ante un expediente que estaba estancado fai moitos anos, sendo beneficioso para todos os veciños e veciñas deste concello que se continúe coa súa tramitación, polo que o seu grupo votará a favor.

Así tamén quere manifestar ao grupo de goberno que o seu partido recibiu varias consultas de diversas asociacións en relación coa utilización desas instalacións en cesión; a este respecto el mesmo tivo acceso aos convenios tipo (cesión por 10 anos), esperando que non exista ningún problema para continuar coas cesións existentes despois da aprobación e tramitación deste expediente. Ante o dito pide que se lle informe a ditas asociacións para a súa tranquilidade.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que todo aquilo que supoña unha reversión para o Concello é bo, polo tanto tamén votará a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 1 de febreiro de 2008 que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA PARA INICIO DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE DIVERSAS ESCOLAS UNITARIAS. De orde da Presidencia, dáse lectura ao Pleno do ditame emitido pola Comisión de Cultura, celebrada o 28 de xaneiro de 2008, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

O Concello Delegado de Cultura, propón que se informe favorablemente ao Pleno para o inicio do expediente de desafectación dos grupos escolares que deseguida se especifican. Igualmente, tras breve debate e achegas dos membros da Comisión, o Sr. Sanmartín, comprométese a interesarse pola situación dalgúns grupos escolares dos que non se ten constancia, como é o caso do de Frago, Liripio e Berres (A Mouteira)

Sometida a proposta a votación a Comisión de Cultura acorda por unanimidade informar favorablemente ao Pleno para que se interese da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a súa autorización, mediante Resolución, para a desafectación dos grupos escolares seguintes, a prol deste Excmo. Concello da Estrada, dado que segundo informe do Perito Municipal de data 28.01.08 acompañado dos respectivos planos de situación, non se atopen en funcionamento.



CEIP ARNOIS

CEIP NIGOI

CEIP CASTRO

CEIP S. XIAO DE VEA

CEIP NOSA SRA. DA CONSOLACIÓN - TABELRÓS

CEIP STA. CRISTINA DE VEA

EEL RIVEIRA

CP SOMOZA

CEIP CRUCEIRO - SANTELES

CEIP MONTILLÓN

CEIP A SAGRADA - CODESEDA

Apróbase por unanimidade o ditame da comisión informativa, nos seus exactos termos."

Visto que, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Delegación de Pontevedra), mediante escrito rexistrado de entrada co nº 13463 en data 14/04/2008, solicítase a este Concello aclaracións sobre a propiedade das escolas EEI de Riveira e CEIP Nosa Sra. da Consolación.

Visto que, con data 13 de febreiro de 2009, rexistrouse de entrada neste Concello (co nº 1648) unha Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, acordando o seguinte:

"Autorizar a desafectación, solicitada polo Concello da Estrada (Pontevedra), do seguinte ben: do CEIP de Arnois (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de Nigoí (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de Castro (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de San Xiao de Vea (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de Santa Cristina de Vea (2 aulas e 2 vivendas); CP de Somoza (2 aulas e 2 vivendas); CEIP Cruceiro (2 aulas e 2 vivendas); CEIP Montillón (2 aulas e 2 vivendas); CEIP A Sagrada- Codeseda."

Visto que o Concello, en data 30 de xaneiro de 2013, presenta no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra un certificado catastral telemático, no que figura como titularidade catastral a favor do Concello da Estrada o inmovible sito no lugar de Baltar - Ribeira nº 20, cunha superficie de 190 m² e que corresponde á antiga EEI de Riveira.

Visto que, en data 11/02/2013 (R.E. nº 1473), a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, emite un novo requirimento no que indica que non queda acreditada a titularidade coa documentación remitida e, como consecuencia, é necesario que sexa remitida certificación de inscrición no inventario de bens do Concello así como certificación do Rexistro da Propiedade.

Visto que, por parte do Concello non se chegou a enviar a documentación requirida pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa antiga EEI de Riveira.



Visto que, con respecto ao CEIP Nosa Sra. da Consolación - Tabeirós, este Concello non puido acreditar a titularidade municipal do inmovible.

Visto que non se continuou coa tramitación do expediente de desafectación e que non cambiou a situación do resto dos inmovibles autorizados.

Considerando que é necesario a continuidade na tramitación do expediente de desafectación iniciado por acordo plenario de data 1 de febreiro de 2008, para poder adicar estes locais a outros usos.

Visto que, de conformidade co previsto nos artigos 22.2º l) e 27.2 n) da LBRL e o 169.1 da LALGA, o Pleno é o órgano competente para a desafectación pretendida, debendo ser adoptado o acordo por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Visto o ditaminado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 11/11/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o 1 de febreiro de 2008, retirando do mesmo a solicitude de desafectación dos edificios escolares: EEI Riveira e CEIP Nosa Sra. da Consolación - Tabeirós.

Segundo.- Continuar coa tramitación do procedemento de desafectación dos edificios escolares: CEIP de Arnois (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de Nigoi (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de Castro (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de San Xiao de Veá (2 aulas e 2 vivendas); CEIP de Santa Cristina de Veá (2 aulas e 2 vivendas); CP de Somoza (2 aulas e 2 vivendas); CEIP Cruceiro - Santeles (2 aulas e 2 vivendas); CEIP Montillón (2 aulas e 2 vivendas); e, CEIP A Sagrada - Codeseda; co fin de cambiar a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial, que xa foi autorizada pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra con data 30 de xaneiro de 2009.

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 1 mes, para que, durante este período, se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas. Así mesmo, o expediente estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://aestrada.sedelectronica.gal>.

Cuarto.- De non producirse reclamacións, o acordo inicial considerarase definitivamente aprobado e, como consecuencia, procederase a:

1. Realizar o acto de recepción formal dos bens que foron desafectados, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.
2. Realizar a correspondente anotación no Libro Inventario de Bens da Corporación.
3. Dar traslado do acordo adoptado ao Rexistro da Propiedade para que realice as correspondentes anotacións rexistrais.
4. Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde a dar cumprimento aos precedentes acordos.



Expediente 6297/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (BNG) POLA QUE PROPÓN INSTAR AO GOBERNO CENTRAL PARA A REBAIXA DO GAS LICUADO DO PETRÓLEO (BUTANO E PROPANO)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para presentar a moción obxecto deste punto, presentada dúas veces, unha o 07/10/2022 (registro 2022-E-RCIO-2) e a outra o 02/11/2022 (registro 2022-E-RPLN-2) e que teñen o mesmo texto, procedendo a dar lectura da mesma:

"O 1 de outubro entrou en vigor o Real Decreto Lei 17/2022, polo que se reduciu temporalmente o tipo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) aplicábel ao gas natural, que pasa do 21% ao 5%. A redución do IVE tamén será de aplicación á biomasa, pellets, briquetas e leña até o 31 de decembro de 2022.

Con esta medida, aprobada polo goberno español, veranse beneficiados veciños e veciñas da vila, que contén co gas canalizado nos seus domicilios ou algún dos elementos mencionados, o que reducirá notabelmente a factura da calefacción nos vindeiros meses.

Sen embargo, como sabemos, a canalización do gas non chega a todos os domicilios da vila e por suposto tampouco chega ao rural, polo que a meirande parte dos nosos veciños e veciñas do noso concello non poderán beneficiarse desta medida ao utilizar outro tipo de carburante para as calefaccións, como pode ser o gas licuado do petróleo (butano e propano).

Tendo en conta que o gasóleo de calefacción tamén entrou dentro da rebaixa dos 20 céntimos aos carburantes, aprobando no Real Decreto 6/2022, de 29 de marzo, é inexplicábel que o goberno español deixe fóra da rebaixa do IVE ao 5% o gas butano e o propano, que ademais de utilizarse na calefacción tamén se usa a nivel doméstico (cociña, estufas, ...) e tamén a nivel industrial.

Deixar fóra aos consumidores e consumidoras do gas butano e propano é unha grave discriminación que cómpre corrixir con urxencia, xa quen en moitos casos son as persoas máis vulnerábeis, desde un punto de vista económico, os que quedan fóra desta medida, e non teñen opción ao gas canalizado e en moitos casos tampouco capacidade económica para instalar outro tipo de calefacción ou cociña.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. O pleno da corporación municipal da Estrada insta ao goberno español a rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado do petróleo (butano e propano).*
- 2. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, aos Grupos políticos do Congreso dos Deputados."*

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen di que entende o sentido da proposta por tratarse dunha iniciativa que vai en beneficio da nosa veciñanza, sen embargo está en desacordo co manifestado na exposición de motivos por considerar que non é totalmente certo, xa que os veciños e veciñas da Estrada están protexidos por unha medida aplicada no pasado mes de maio polo goberno central, consistente en poñer un tope no prezo da bombona de butano, de feito fai dous ou tres días se fixo a regularización trimestral e baixa en torno a un euro, polo tanto existen medidas de protección social, aínda que non sexa moi forte economicamente como podería ser a rebaixa do IVE destes produtos. En calquera caso, o seu grupo votará a favor desta moción por considerar que é asumible a nivel fiscal polo goberno do estado e non como as populistas que fai o Partido Popular.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a



favor do seu grupo á aprobación desta proposta, aínda que a considera insuficiente para facer fronte ao problema da pobreza enerxética existente, considerando que este Concello debería traballar noutras medidas para poder intentar solucionar, dalgunha maneira, esta problemática.

Toma a palabra o Concelleiro e voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, manifestando o apoio do grupo de goberno a esta moción, razoable e asumible fiscalmente mediante un Real Decreto.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **acordo**:

Vistas as mocións presentadas polo grupo Mixto (BNG) con datas 07/10/2022(2022-E-RCIO-2) e 02/11/2022 (2022-E-RPLN-2), co mesmo texto e proposta, e que se transcribe literamente de seguido:

"O 1 de outubro entrou en vigor o Real Decreto Lei 17/2022, polo que se reduciu temporalmente o tipo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) aplicábel ao gas natural, que pasa do 21% ao 5%. A redución do IVE tamén será de aplicación á biomasa, pellets, briquetas e leña até o 31 de decembro de 2022.

Con esta medida, aprobada polo goberno español, veranse beneficiados veciños e veciñas da vila, que contan co gas canalizado nos seus domicilios ou algún dos elementos mencionados, o que reducirá notabelmente a factura da calefacción nos vindeiros meses.

Sen embargo, como sabemos, a canalización do gas non chega a todos os domicilios da vila e por suposto tampouco chega ao rural, polo que a meirande parte dos nosos veciños e veciñas do noso concello non poderán beneficiarse desta medida ao utilizar outro tipo de carburante para as calefaccións, como pode ser o gas licuado do petróleo (butano e propano).

Tendo en conta que o gasóleo de calefacción tamén entrou dentro da rebaixa dos 20 céntimos aos carburantes, aprobando no Real Decreto 6/2022, de 29 de marzo, é inexplicábel que o goberno español deixe fóra da rebaixa do IVE ao 5% o gas butano e o propano, que ademais de utilizarse na calefacción tamén se usa a nivel doméstico (cociña, estufas, ...) e tamén a nivel industrial. Deixar fóra aos consumidores e consumidoras do gas butano e propano é unha grave discriminación que cómpre corrixir con urxencia, xa quen en moitos casos son as persoas máis vulnerábeis, desde un punto de vista económico, os que quedan fóra desta medida, e non teñen opción ao gas canalizado e en moitos casos tampouco capacidade económica para instalar outro tipo de calefacción ou cociña.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. O pleno da corporación municipal da Estrada insta ao goberno español a rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado do petróleo (butano e propano).*
- 2. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, aos Grupos políticos do Congreso dos Deputados."*

Visto o ditaminado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 11/11/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- O pleno da corporación municipal da Estrada insta ao goberno español a





rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado do petróleo (butano e propano).

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, aos Grupos políticos do Congreso dos Deputados.

DURANTE O DEBATE DO SEGUINTE PUNTO INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELLEIRA DO GRUPO DO PARTIDO SOCIALISTA, DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES.

Expediente 389/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTOS DOS PROCESOS SELECTIVOS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal e voceiro do grupo do PP, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen aclara que estamos ante unha Addenda ao Convenio que se asinou, no seu momento, coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto coa AGASP, polo que se lle outorgaba a esta as competencias para facer os procesos selectivos de Policía Local; pero, ante a necesidade urxente de cubrir a praza de Inspector e que a dita Academia no prevé facer un proceso selectivo de xeito inmediato, entón é necesario recuperar as competencias para que este Concello poida facer a contratación de mandos, en concreto cubrir a praza de Inspector da Policía Local, sendo este o obxecto da nomeada Addenda.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que considera que este expediente está incompleto, xa que na proposta do Concelleiro fai referencia a un escrito da Dirección Xeral de Emerxencias de data 25/10/2022 polo que manifesta a imposibilidade de levar a cabo os procesos selectivos, sen embargo dito escrito non consta no expediente; ante o anterior pensa que a Secretaría debería pronunciarse ao respecto.

Para dar resposta ao anterior, a **Sra. Secretaria** aclara que si dito escrito non obra no expediente debeu ser por causa de omisión involuntaria, sen embargo esta non afecta ao acordo que se pretende adoptar nesta sesión, ademais de que ese escrito existe, de todos os xeitos a corporación é a que ten a última palabra.

Continúa o **Sr. López Bueno** dicindo que non pon en dúbida que ese escrito exista, senón que a oposición ten o dereito de consultar os expedientes completos.

Intervén o **Sr. Alcalde** aclarando que ese informe foi emitido pola Dirección Xeral de Emerxencia en relación para dar resposta a unha previa consulta deste Concello en relación á



cobertura da praza de Inspector da Policía Local, previo informe favorable para o inicio do procedemento; e no nomeado informe, se nos comunica pola AGASP que existe un Convenio e que o proceso debería facerse en aplicación do mesmo, de aí o obxecto desta Addenda. Polo tanto, aclara que non é unha documentación substantiva dentro do expediente, ademais este tan só ten que ter a documentación relativa ao procedemento de aprobación da Addenda, pódese dicir que ese informe é previo ao inicio do expediente, en todo caso, se queren ter acceso a esa documentación anterior, tan só teñen que solicitala e se lles facilitará.

O **Sr. López Bueno** di que non escoitou ningunha base xurídica para xustificar a ausencia desta documentación do expediente, afirmando que esta é importante e forma parte deste expediente, sobre todo tendo en conta que na proposta do Concelleiro se fai referencia a ela.

Continúa reiterando a pouca seriedade por parte do grupo de goberno por traer ao Pleno un expediente incompleto; por outra banda, tamén lle parece pouco serio que no ano 2018 se asinara un Convenio para delegar as competencias do proceso selectivo de persoal da Policía Local e agora pretendan reverter dita delegación. Ademais na proposta non se xustifica a mellora da axilidade á hora de cubrir a praza de Inspector, porque tampouco se sabe canto tardaría a AGASP en desenvolver ese proceso de selección e canto tardará o Concello en facelo, sen esquecer que se tiveron meses para cubrir esta praza e nunca se fixo nada, de feito a Policía local leva anos funcionando cun organigrama incompleto, pero agora, a pouco tempo das eleccións locais, este asunto é necesario e importante e se prema a cobertura da praza da maneira que se propón. Todo en conxunto lle levanta moitas sospeitas, así que haberá que esperar se hai máis sorpresas neste tema.

Di que o seu grupo está totalmente de acordo con que se cubra esta praza de Inspector, así como todas as prazas de axentes existentes e solucionar dunha vez o problema das quendas de noite, por iso se absterán na votación.

Finaliza alertando que pedirán esa documentación que falta no expediente, ademais de que iniciarán todas as accións as que se ten dereito en relación a este asunto.

Intervén a continuación a voceira do grupo MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, para manifestar que non entende o por que agora se revirte esa competencia, ademais de pedir que se lle explique de que maneira se vai a mellorar a axilidade no proceso selectivo da praza de Inspector. Sen embargo, lembra que no 2018, cando se delegou esa competencia na AGASP, o seu grupo non estivo de acordo por entender que a administración local non debe delegar competencias en materia de selección de persoal, sendo esta a razón polo que o seu grupo votará a favor desta proposta de cubrir canto antes unha praza moi importante dentro do corpo da Policía Local.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, para transmitir que se une ao subscrito polos anteriores voceiro e voceira da oposición; sen embargo, todo o que sexa recuperar competencias para o Concello é óptimo, sendo esta a causa polo que o seu grupo apoiará esta proposta, agardando que continúe e non se volva a delegar na AGASP. Tamén quere dicir que non é de recibo que non conste no expediente a documentación dita



anteriormente.

Prosigue lembrando que o seu grupo leva moito tempo reclamando policía local pola noite, ao igual que a nosa veciñanza, considerando importante que o Concello recupere as competencias delegadas en materia de selección de persoal da Policía Local co fin de sacar o número de prazas necesarias para cubrir na súa totalidade este servizo.

Intervén a continuación o **Sr. Alcalde** co fin de explicar novamente o trámite e que derivou nesta proposta de reversión desta competencia, reiterando que o expediente está completo, conta con toda a documentación que forma parte do procedemento de aprobación da Addenda ao Convenio para delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais, e a documentación relativa ás consultas feitas á AGASP forma parte doutro expediente e non afectan para nada ao que estamos a tratar nesta sesión; sen embargo, os grupos da oposición teñen acceso a este expediente, previa solicitude, o cal conta coa cun proceso selectivo onde se cumpren as tres condicións: oferta ás persoas, dentro dos mandos da Policía Local, que poden cubrir esa praza de Inspector; ao non habelo, se oferta por mobilidade para outros policía que lle interesen; non existindo ningunha solicitude, se procede a cubrir a praza entre os propios policía locais do noso Concello, atopándonos neste proceso agora. Cando se chegou a ese último punto, se solicitou informe preceptivos á AGASP, no que se remiten a un Convenio no que nós temos delegada nela esas competencias e, polo tanto, só hai dúas opcións, esperar sen data próxima a que eles convoquen unha cobertura de prazas de mandos (para o que fai falta que haxa un número de concellos que necesiten facer unha convocatoria especial para cobertura de postos de mandos) e, a outra opción, é que o Concello recupere esa competencia delegada mediante unha Addenda e procedamos a facer ese proceso e así, dentro dun prazo de cinco ou seis meses (a mediados do ano que ven), poder ter cuberto esa praza. Polo tanto, por non poder esperar “sine die” a que se cubra a praza, se optou pola segunda opción, xa que a súa cobertura urxe co fin de regularizar a situación da Policía Local.

Ante o explicado, considera que está máis que xustificada a decisión e o obxectivo desta proposta. En canto á cobertura das outras prazas vacantes da Policía Local, non se poden convocar, porque cada ano existe un número limitado de prazas para convocar en base á oferta de emprego público e, este ano, temos prazas que quedan vacantes por xubilación (perito agrícola, un administrativo, un técnico,...) e que débense cubrir si ou si; así mesmo, o ano que ven tamén haberán outras xubilacións (conserxes de colexios, persoal de servizos sociais, do servizo de electricistas, de obras, etc.) e que haberá que incorporalas á oferta de emprego e terase que decidir cales haberá que convocar. Polo tanto, ante a incapacidade de decisión e de que só se poden convocar dúas prazas por ano, hai que pensar moi ben cales urxen e se necesitan máis, polo tanto é moi difícil convocar todas as prazas da Policía Local. Informa que en exercicios anteriores se cubriron tres praza se policía, en detrimento doutras prazas vacantes dentro da parte de xestión interna e que tamén son necesarias. Espera que se comprenda ben as limitacións existentes para o Concello á hora de convocar prazas .

No caso que nos ocupa, di que é esencial a existencia dun mando para a Policía Local e que poda xestionar este corpo, sendo este o motivo polo que se considera importante cubrir a praza



o antes posible.

Finaliza para dicir aos grupos da oposición que toda a documentación dese expediente inicial a teñen a súa disposición para a súa consulta, ao igual que podían tela antes se a pediran, non dubidando en ningún momento da capacidade da Secretaría Xeral, pero sabe moi ben en que datas estamos e que prefiran reclamar as cousas no Pleno para poder crear certo tipo de dúbidas e así obter un certo rédito político.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para dicir que por moito que se queira xustificar, ese escrito inicial, a contestación da AGASP e os escritos dos policía locais, deberían constar neste expediente, porque os considera parte del, polo que non se fía da explicación do Sr. Alcalde.

Responde o **Sr. Alcalde** que lle acaba de explicar o por que non constan, ofrecéndose a que mañá persoalmente lle facilitará as copias deses documentos se así o quere e tanto interese ten, aínda que, como dixo antes, tivo tempo de sobra para achegarse ao Concello e pedir a documentación que notaba en falla. A continuación volve a explicar cal foi o procedemento, o motivo e o por que son dous expedientes diferentes, e se ten tanta dúbida, lle invita a que acuda á AGASP e que alí lle informen. En todo caso, non entende como o Sr. López Bueno non comprende esta tramitación tan sinxela, polo que pensa que o que intenta e crear unha dúbida sobre un tema tan elemental.

Finalmente, di que está seguro que, en caso contrario e se non se decidira por esta Addenda para recuperar as competencias, o grupo de goberno sería criticado por non ser capaz de cubrir a praza de Inspector da Policía Local, o que deixa claro que a oposición o que quere é relentizar a xestión administrativa e criticar, por iso non se conta con ela para nada. En todo caso estamos ante uns procedementos de xestión interna e, por suposto, teñen todo o dereito a manifestar as súas dúbidas e votar o que consideren oportuno, e o grupo de goberno ten que traballar e xestionar en atención dos intereses do Concello e, neste caso, o interese é cubrir esta praza e dotar ao corpo da Policía Local cun mando que resolva parte dos problemas que ten este servizo.

Non habendo máis intervencións, procédese a votación, adoptándose polos votos a favor dos grupos de Partido Popular, MOVETE e Mixto (BNG), e a abstención do grupo do Partido Socialista, o seguinte **ACORDO**:

Visto o acordo adoptado polo Pleno desta corporación o día 01/02/2018 mediante o que se aproba a *“sinatura do Convenio para delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais, polo tempo de vixencia do devandito Convenio”*.

Visto que o indicado Convenio se asinou o día 09/02/2018 por un período de 4 anos. Visto que, mediante Addenda asinada o día 01/02/2022, modificouse o prazo de vixencia ata completar un período adicional de catro anos máis dende a data de sinatura da dita Addenda.





Visto que este Concello precisa cubrir con carácter urxente unha praza de Inspector de Policía Local por atoparse na actualidade ocupada en comisión de servizos, estando próximo o prazo máximo mediante o que pode estar cuberta mediante esa situación administrativa.

Visto que neste Concello recibíuse o día 25/10/2022 escrito da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior no que se comunica que, tendo en conta que o citado Convenio se atopa en vigor, o Concello non pode proceder a realizar o proceso selectivo.

Visto o escrito de data 7/11/2022 mediante o que o Concello solicita a modificación do indicado Convenio.

Vista a reunión da Comisión de Seguimento do día 10 de novembro de 2022 na que se acorda a modificación do Convenio.

Visto o Informe de Secretaría de data 18/11/2022.

Visto o ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 24/11/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar a “Addenda ao Convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixiantes municipais, entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello da Estrada”.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase co contemplado na orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 17 E O 31 DE OUTUBRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 17 e 31 de outubro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-1547 ao número 2022-1640, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 15 DE NOVEMBRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DIAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e o 15 de novembro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende





o número 2022-1641 ao número 2022-1722, (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Comeza coa quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**. En primeiro lugar queixase da instalación do alumado de Nadal, xa que existen cables colgados a unha altura de, máis o menos, metro e medio, na Praza da Feira, polo que prega que se recoloquen ante o perigo que supón para os viandantes.

Reitera un rogo xa feito en varias sesións consistente en poñer solución ás largas filas de xente ante o Banco de Alimentos e que dificultan a intimidade das persoas que alí están. Di que, a pesares deste rogo feito en varias ocasións, non se pon ningún tipo de solución, dándolle vergoña ver como cada mércores os nosos veciños e veciñas están expostos e expostas ao público nese portal da Avenida de Benito Vigo. Así que, despois de cinco meses, reitera novamente este rogo, preocupándolle a insensibilidade do grupo de goberno ante este tema. Tamén pide que sexa retirado o cartel que existe nese servizo e que obriga ás persoas que alí van a facer cola fóra, diante do portal.

En canto á folga que se está levando a cabo polo persoal do servizo de Axuda no Fogar e ante declaracións da Concelleira delegada de Benestar Social en prensa, pregunta se ten algunha información sobre a reunión que se tivo este semana entre as traballadoras e a empresa que xestiona este servizo.

Informa que o seu grupo solicitou por escrito acceso ao informe xurídico en relación á Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na cal condena a este Concello pagar os atrasos derivados da RPT dende o ano 2016; a día de hoxe non se contestou a ese escrito e, polo tanto, non se lle facilitou dito informe, a pesares de que avisou ao Concelleiro da área (porque os rexistro de entrada presentados pola oposición sempre se perden). Ante o dito, pregunta se se presentou recurso contra esa Sentenza ou non.

O Sr. Alcalde responde que, en relación ao Banco de Alimentos, que o peor que se pode facer neste caso é o sensacionalismo, considerando patética a forma coa que o voceiro socialista utiliza este gran servizo, porque este grupo de goberno caracterízase pola súa sensibilidade, de feito o Banco de Alimento o puxo en marcha este goberno, algo que non fixo o Partido Socialista cando estivo gobernando. Di que é certo que este servizo convive no mesmo espazo coa Atención Temperá, como tamén é certo que a pandemia limitou o acceso das familias a ese entorno, pero hai que pensar que a calidade deste servizo está por enriba doutras cousas e, por suposto, por enriba das consideracións que o Sr. López Bueno fai, sobre todo canto utiliza a expresión “colas da fame” tantas veces, pero que cada un vaia coa súa conciencia, porque este goberno seguirá prestando este servizo e outros ás familias, intentando melloralos e estando ao carón delas.

En canto á folga do SAF, se lle dará a información que sexa susceptible da negociación entre unhas traballadoras e unha empresa, porque este Concello é prestador dunha competencia impropia, intentando mediar nunha folga que afecta a toda Galicia, ofrecéndolles á empresa, aos sindicatos e ás traballadoras a nosa man para ser unha parte activa na resolución deste conflito, a pesares de non ser unha parte directa neste problema, pero, como non nos podemos desentender desta situación, poñeremos todo o que estea na nosa man para mellorar as condicións laborais das traballadoras e do mesmo servizo, sen deixar de atender a todas as persoas usuarias e, a este fin, se poñerán todos os medios necesarios



para que a atención das familias sexa óptima. Di que considera que se vai a chegar a un acordo, porque o persoal traballador sabe da importancia deste servizo e da repercusión que ten sobre as familias que o necesitan.

Sobre a solicitude do informe xurídico en relación coa Sentenza da RPT, informa que existe un prazo de 15 días para dar contestación a esa solicitude; ademais, cando o grupo de goberno teña unha decisión firme se lle trasladará, pero en todo caso se buscará a fórmula para que, definitivamente, se poida pechar este capítulo da RPT. Prosigue dicindo que, en xeral, chegouse a un consenso sobre este tema, existindo un alivio por parte dos traballadores e traballadoras polo acadado con este documento, e este foleco que queda ser resolverá mediante á busca dunha solución adecuada e idónea para todos e todas, e así, por fin, podernos centrar na xestión administrativa unicamente. Espera que na próxima semana se lle trasladará aos sindicatos a posición do grupo de goberno coa conseguinte proposta, estando convencido que se chegará a unha solución razoable.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para dicir, en relación ao problema do Servizo de Axuda no Fogar, que o Sr. Alcalde, a pesar do seu longo discurso, non contestou á pregunta que se lle facía, esperando que a Concelleira delegada de Benestar Social si o faga.

No que respecta á RPT, di que solicitou o informe xurídico e non ten que esperar quince días a que o grupo de goberno tome unha decisión, senón que teñen a obriga de facerllo chegar, porque estamos ante unha documentación á que a oposición ten acceso.

O **Sr. Alcalde** reitéralle que ten acceso á información nun prazo de quince días, polo que se está dentro do prazo para expedirle dito informe; ademais debe entender que antes temos que tomar unha decisión e cando se teña tomada se lle trasladará o contido da mesma.

Por outra banda, no tema do funcionamento das sesións plenarias, o voceiro socialista sempre quere deixar en evidencia ao resto dos concelleiros e concelleiras, así que lle lembra que as preguntas e os rogos se formulan ao Alcalde, llo lembra para que non volva a facer ese dobre xogo de intentar deixar en mal posición a outro concelleiro ou concelleira do grupo de goberno, sobre todo cando son mulleres, como é o caso de facelo continuamente contra unha concelleira do goberno.

O **Sr. López Bueno** non admite tal acusación e pide que a retire.

O **Sr. Alcalde** lle di que así o demostra, facendo insinuacións contra unha persoa que ocupa un cargo, o que deixa ver que parece que ten un certo interese en deixala en evidencia. Polo que lle pide ao voceiro socialista que formule a pregunta con rigor e dirixíndose ao Presidente da sesión.

(COMEZA UNHA DISCUSIÓN ENTRE O SR. ALCALDE E O SR. LÓPEZ BUENO, QUE NON SE TRANSCRIBE, QUEDANDO REFLEXADA NOS AUDIOS DE GRAVACIÓNS DESTA SESIÓN)

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, acusando ao Alcalde que el tamén o fai con outras concelleiras da oposición.

Centrándose na súa intervención, traslada a solicitude para que se mellore a visualización do paso de peóns existente fronte á Casa do Concello ante o perigo de atropelos existente.

Pregunta sobre a tramitación do Orzamento para o ano 2023.

Por último, di que esta semana visitou o Museo xunto co Concelleiro delegado de Cultura, onde o Director do mesmo explicou moi ben a localización das obras e do bo estado das mesmas, observando que as instalacións están en perfecto estado, polo que pregunta cando se abrirá ao público, porque considera que é unha pena



que non se faga.

Intervén o **Sr. Alcalde** lamentando que nesta visita ao Museo non puidese asistir a voceira do grupo Mixto (BNG), despois de tantos meses insistindo nela. En canto á súa apertura sabe que se está a traballar para organizar e poñer en orde todo o fondo que ten este museo, polo que, nun prazo razoable, será aberto para a súa visita. En canto teña máis datos se lles trasladará.

No relativo ao Orzamento para o exercicio 2023, nestes momento se está a traballar na súa elaboración, freando un pouco a tramitación o cambio de Interventora, ademais de estarse a pechar todo o do ano 2022, de feito somos un dos Concellos que paga a súas facturas en prazo. Por outra banda, tamén se están centrando na liquidación do orzamento. Polo dito, é posible que non estea aprobado en tempo en forma, estimándose que a principios do ano 2023 xa se poda acordar a súa aprobación.

Finaliza aclarando que intenta ser ecuánime nas súas intervencións, pero é certo que, a veces, o debate se sube de ton, pero nunca fixo ningún tipo de alusión ou consideración en relación ao sexo do voceiro e voceiras. O que si considera é que está claro que nas intervencións se fai un uso excesivo de determinado vocabulario, sendo necesario chamadas ao orde ante este uso ou outras cuestións que non se deben de permitir; ademais, existe un Regulamento que hai que respectar a acatalo.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen aclara que ten varias preguntas. Unha delas é se se decidiu sobre o destino do muro e da pérgola retirados da Alameda, lembrando que o seu grupo propuxera nunha sesión plenaria que foran colocados na Rúa da Baiuca. Continúa dicindo que veu tales elementos nun estado lamentable nun terreo da Feira do Moble, lembrando que o activo do Concello pode ser economicamente importante ou ben unha atracción para aquelas persoas que queiran gozar do mesmo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non é un tema prioritario neste momento, considerando que a pedra destes elementos non se vai a deteriorar máis porque estea amoreado, o importante é que están custodiados e pendentes de que se decida e se poidan colocar noutra zona, pero nestes momentos non existe ningunha decisión ao respecto.

A **Sra. Camba Castro** opina que a pedra amoreada se estraga máis que cando está colocada, limpada e coidada. Reitera a súa proposta de que estes elementos sexan colocados na rúa da Baiuca.

Pregunta se o Concello se puxo en contacto co Ministerio de Fomento para que melloren e faciliten o acceso á estrada que vai a Vinseiro (onde está a rotonda das Colonias).

Responde o **Sr. Alcalde** que entende que non é o Ministerio de Fomento o que ten que resolver esa cuestión, senón que é a Deputación de Pontevedra a que ten que arranxar o entronque da estrada de Vinseiro coa N-640. Continúa informando que se lle trasladou esta petición á Deputación, a cal informa que existe un estudo previo e un anteproxecto para a mellora de conexión destas dúas estradas de xeito que entronque se faga directamente coa rotonda existente, pero supón un problema urbanístico, porque implica abrir un novo vial sobre solo rústico coas seguintes expropiacións, se irá vendo os avances que vaia facendo a Deputación.

A **Sra. Camba Castro** pregunta como vai a tramitación para a colocación das sinais de sinalización no casco urbano e da retirada dos valos que rodean varias rúas do Concello.



O **Sr. Alcalde** lle informa que o proxecto de Sinalización Urbana xa está adxudicada, polo que pensa que pronto se comenará coa súa colocación. En canto ao proxecto do Sinalización Rural, espera que a semana que ben estea xa en licitación.

A **Sra. Camba Castro**, en relación cunha emerxencia sanitaria que houbo esta semana na Avenida de América, os restos de material desa atención quedaron espaxados pola zona (guantes, gasas, etc.); ante o aviso á Policía Local esta dixo que non había servizo de limpeza para ese caso, polo que este traballo debería facelo a familia da vítima ou ben os veciños e veciñas da zona. Ante o sinalado, pregunta se o Concello ten previsto algunha solución a situacións deste tipo, sobre todo cando o material sanitario usado non debe ser manipulado de calquera maneira.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que non existe servizo de limpeza sanitaria, nin cre que ningún outro Concello ou teña, senón que temos un servizo de limpeza urbana e ao que non se lle pode obrigar para que faga ese outro traballo, porque tería que facelo persoal especializado, sen embargo, este fará a limpeza dentro das medidas posibles das que dispoñen.

A **Sra. Camba Castro** considera que a resposta dada pola Policía Local non é a idónea, porque os veciños non teñen porque limpar a vía pública, para iso hai un servizo municipal.

O **Sr. Alcalde** responde que realmente existe un servizo de limpeza pública e, en caso de que se negue limpar ese material sanitario, realmente está no seu dereito, pero en anos que leva como Alcalde nunca ocorreu un caso así, polo que se se produce e lle chega a noticia, porque esta non lle chegou, entón se buscará unha solución.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** para informar que na Praza da Feira non hai papeleiras, algo que solicitan os veciños e veciñas da zona.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Non habendo solicitudes de intervención, levántase a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 49KYWJKYJFZ3JFXJG9E3JFNX | Corrección: <https://aeastrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233